

***O ENTERRO DA SARDIÑA EN VILALBA (LUGO) DOS ANOS 2003 AO 2006***

**AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

**PUBLICADO EN “PENA DO ENCANTO” Nº 12 (BOLETÍN INFORMATIVO DO INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS. AÑO 2023.**

# ***O ENTERRO DA SARDIÑA EN VILALBA (LUGO) DOS ANOS 2003 AO 2006***

**AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

## **I. INICIOS DO ENTERRO DA SARDIÑA E O SEU DESENVOLVEMENTO EN GALICIA**

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, que nos seus comezos era auténtica, mais logo co paso dos anos construíuse unha de gran tamaño en papel e cartón. A comitiva vai presidida polo crego -o Gran Espetón- que dirixe os cánticos ao longo da procesión; logo os acólitos, os sancristáns, os portaestandartes, as choronas, as autoridades e, finalmente, os acompañantes. A procesión adoita rematar nunha praza ou diante da Casa Consistorial, onde se len discursos, que entrañan burla, ironía, sarcasmo e crítica, e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. O enterro pode rematar nunha inhumación simbólica (Lugo), nunha incineración (Burela, Vilalba, Viveiro) ou nunha inmersión no río (Monforte de Lemos) ou no mar (Marín, Pontevedra).

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid a onde no reinado do monarca borbónico *Carlos III*<sup>1</sup>, procedente dalgún porto do norte de España, un cargamento de sardiña en mal estado, polo que as autoridades competentes, malia as condicións de pobreza da poboación, acordaron enterralas na «Casa de Campo». O pobo, aínda que ao comezo protestou e provocou algúns incidentes, logo participou cun tono burlesco e sarcástico en dito enterro, que sería recordado anualmente. Outra variante sería a dos ilustrados madrileños que tomando como motivo estes acontecementos da fame popular, parodiaron o enterro do peixe e repetírono en anos sucesivos.

Posiblemente a descrición máis antiga que se conserva deste ritual madrileño sexa a de *Ramón de Mesonero Romanos*, autor costumista madrileño que na súa obra *Escenas matritenses* fai mención ao Enterro da Sardiña do seguinte xeito «*O cortexo procedía do barrio da Latina e baixou pola Porta de Toledo ata a ponte do mesmo nome,*

---

<sup>1</sup> O seu reinado estendeuse desde o ano 1759 ata o ano 1788.

rodeando o Manzanares. Na comparsa ía de todo; desde disfrazados con cabezas postizas ata romanos, pasando por berberiscos e penitentes. A mascarada facía ostentación da súa astrosidade e mal gusto. Abondaban as vasoiras molladas en viño a modo de hisopos, berros e cantos incoherentes, e amenizaban o conxunto catro ou seis gatazos negros atados polas patas na punta dun pau e enarborados en alto a xeito de pendóns... A sardiña auténtica ía na boca dun monicreque, o señor Marcos, levado nun grotesco ataúde...Na procesión formaban varios coros coas clases máis humildes da cidade, cabalos, cans que ouveaban e máscaras espantosas»<sup>2</sup> ( FOTO N° 1)

Tamén **Pascual Madoz** alude a este ritual da seguinte maneira: «Se reduce a disfrazarse varias parejas, por lo regular de gente ordinaria, de frailes, curas y demás empleados de iglesia, llevando pendones, estandartes y mangas parroquiales estrañas, con escobones o jeringas por hisopo, orinales por calderilla y otras insignias burlescas. Estas turbas conducen al hombro, en unas angarillas, un pellejo o bota de vino con una careta, o un pelele en cuya boca ponen una sardina, y de este modo, precedidos de un tambor o de clarines y bocinas, recorren muchas veces la pradera, cantando lúgubrementemente, imitando a los cánticos de los entierros y aspergeando a los circunstantes en sus fingidos responsos con los escobones llenos de agua. Cansados, concluyen por enterrar en un hoyo la sardina y ponerse a merendar y beberse el vino del pellejo que hizo de muerto...»<sup>3</sup>

O Enterro da Sardiña está reflectido no cadro do mesmo nome realizado polo pintor aragonés **Francisco de Goya** entre os anos 1812 e 1819. Nel o pintor plasma a vitalidade popular, a ledicia de vivir do pobo, que goza de liberdade e pode manifestarse sen ningún tipo de restrición, aínda que sexa nun tempo curto no que as leis e as institucións quedan abolidas.<sup>4</sup> Aparentemente, o Enterro do Entroido debía simbolizarse enterrando carne e non peixe, que vai ser algo moi habitual na dieta gastronómica da Coresma, debido ao período de abstinencia e xaxún, que hai segundo o precepto cristián. Agora ben, na antigüidade, cando se comía de vixilia durante toda a

---

2 MESONERO ROMANOS, R.: *Escenas matritenses*, Madrid: Espasa Calpe, Madrid, 1986.

3 MADOZ, Pascual.: *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España*, t. X, Madrid: 1847, páx. 1075, a-b.

4 BOZAL, Valeriano.: *Francisco de Goya, vida y obras (2 vols.)*, Madrid: 2005, páxs. 172-176.

Coresma, adoitábase enterrar un costillar de porco ao que se lle daba o nome de sardiña, distorsionándose o seu significado polo que no intre actual ten de peixe.<sup>5</sup>

Sen embargo, **Federico Cocho**, dínos que esta interpretación non é obxectiva, debido a que non hai respostas axeitadas á persoa, lugar e momento no que se usou o termo sardiña cun significado diferente ao que ten hoxe. <sup>6</sup> Outra interpretación fai referencia a un sentido ambivalente da sardiña. Así, por unha banda simbolizaría á Coresma ao ser un peixe, mais por outra podería representar ao Entroido xa que ao comela salgada estimularía o consumo de viño.<sup>7</sup>

Con respecto a Galicia e dun xeito preferencial a Ourense, **Vicente Risco** fai as seguintes alusións: «*Chamaban á xente cun bando, no que disputa que quen quixera ir, se presentase no sitio envolto nunha saba branca e cunha vela de sebo. Saía o enterro de noite, con pendóns e estandartes feitos con follas de bacallau levadas en canas, unha gran choca, que arremedaba a antiga campaiña dos enterros, incensarios imitados con braseiros onde ían queimando zapatos vellos e cousas que cheirasen mal, deixando atrás do enterro un fedor que non se resistía; os cregos cantando; un sacristán cun caldeiro de auga de fregar e unha basoira facendo de hisopo; os agarrantes levando a caixa ou cadalsito; as pranxideiras ou choronas berrando detrás; os do duelo, moitas veces de chistera e coroza, e, por fin, o acompañamento.*»<sup>8</sup>

**(FOTO N°2)**

Así mesmo, **Taboada Chivite** menciona «*que a morte i enterro do Entroido simboliza a expulsión do Inverno e a instauración da Primaveira. O lanzamento do moneco á iauga, con pranto e cantares alusivos, lembra ó pelele que as Vestales de Roma tiraban ao Tiber en rito catártico...*»<sup>9</sup>

---

5 MADDOZ, Pascual.: *Ob. cit.*, páx. 1075.

6 COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Xerais, 1992, páx. 282.

7 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *O Entroido ou os praceres da carne*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 84, 2ª ed. Ed. Castro, 2003, páx. 157

8 RISCO, Vicente.: «Etnografía: Cultura espiritual», en *Historia de Galicia*. T. I, Madrid, Akal, 1979, pp. 225-763.

9 CHIVITE, Taboada.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx.60.

Pola súa banda, para **Clodio González** o Enterro da Sardiña é unha escenificación dun enterro segundo o rito cristián, no que hai cregos, autoridades, choronas, e persoas de toda índole formando parte da comitiva. Ésta adoita deterse nunha praza onde se leva a cabo a lectura de diferentes estrofas ou salmodias, que amosan un carácter burlesco e satírico. Finalmente, o cadaleito coa sardiña no seu interior pode ser enterrado, queimado e mesmo tirado a un río.<sup>10</sup>

Este ritual comezou a implantarse nalgunhas cidades e vilas galegas a partir da segunda metade do século XIX. O motivo esencial foi debido ao desexo de incorporar costumes e tradicións da capital do Estado por parte daqueles grupos sociais que exercían unha maior influencia na poboación.

Polo que respecta á provincia de Lugo, temos constancia da existencia deste ritual na cidade de Lugo e nalgunhas vilas como Burela, Foz. Monforte, Vilalba e Viveiro. Noutras, como Chantada e Sarria, a súa implantación foi meramente temporal.

Así, con respecto á vila de Monforte **Germán Vázquez**, danos a seguinte visión do Enterro da Sardiña preto de mediados do século XX. “ *Eu relembro ún distes desfíes, orgaizado e composto polos ferroviarios, realmente impresionante...Eu era moi cativo, porque tal fúnebre comitiva vinna co meu pai, dende o local do Círculo, sociedade domiciliada na rúa do Arrabaldo -tamén chamada do Comercio-. Iban de ún en ún, en ringleiras inacababres, cun gran facho alcendido na mao dereita. Cantaban a coro, coa música litúrxica das eseqüias e con letra endereitada ó concello, e ós xamós que algún dos seus empregados máis caraiterizados recibía, polo visto, a bondo. As voces, ben conxuntadas, retumbaban na rúa dándolles aínda máis censo fúnebre e tremecente. Vestíanse con xeitosas fatelas ou túnicas brancas. Todos moi pintados e serios, coma correspondía á morte do Antroido. Daba remate ó procesional e lúgubre cortexo a caixa, na que, a modo de féretro, iba a sardiña. Era un cadaleito coma de persoa adulta, que levaban nos hombreiros catro homes con túnicas negras. Camiñaban paseniño, lenta e solenemente. Impoñía aquil conxunto, deica dar medo. O simulado macabro cortexo, acabábase cando chegaba á Ponte Nova. Alí, antre os novos cantos funeraes de todo o acompañamento, arroxaban a caixa ó río, e de tal xeito finábase todo o Antroido por aquil ano ”<sup>11</sup>.*

10 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Manuais, nº 2, 1991, páx. 49.

11 VÁZQUEZ, Germán.: *Páginas de Monforte*. Lugo: Ed. Celta, 1969, páx. 287.

En canto á cidade de Lugo, logo de bastantes anos de ausencia, volveu a celebrarse o Enterro da Sardiña no ano 1985 da man de **José Barreiro**, fundador da «Real Confraría da Parranda», e do Departamento de Cultura do Concello. *“A comitiva saiu do Círculo das Artes ás oito da noite, integrada na súa maioría polos membros da «Real Confraría da Parranda». Abría a procesión «o gran pendón», levando un estandarte cunha caraúta do Antroido, franqueado por dous capuchóns, tamén con sendos estandartes nos que figuraba «o porco de San Antón» e «o burro do Antroido», aos que se dedicaban sendos estribillos nas cantigas: “ ESTE É O BURRO DO ANTROIDO / LEVÁNTALLE O RABO / E BÍCALLE O COIRO / BÍCALLO BEN / ATA O ANO QUE VÉN”. “ ESTE É O PORCO DE SAN ANTÓN / DESDE O FUCIÑO / ATA O XAMÓN / TODO ÉL SABE BEN / IN SECLA SECULORUM. AMÉN”. Logo dunha ringleira de confrades ía O gran Espetón, representado por Antonio Penedo , o moro Muza e os mariñeiros protexendo á sardiña ben ensartada nun tridente. Os incensarios acompañaban a Dº Carnal e a Dª Cuaresma, sen que faltasen á cita as choronas, que ían de luto, chorando a perda irreparable da sardiña. A continuación, camiñaban as autoridades coas sus elegantes donas e encabezadas polo rexidor da cidade, seguidas da banda e o coro. Pechaba a comitiva o público desexoso de participar no evento ”<sup>12</sup>. (FOTO Nº. 3)*


---

12 BARREIRO VARELA, José.: *Anecdótico Lucense*. Lugo: Biblioteca «El Progreso», nº2, 1993, páx.72.

BLANCO PRADO, José Manuel.: “O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo (1985-2002)”, *en Anuario Brigantino, nº 39*, 2016, Betanzos (A Coruña), páxs. 487-488.

## II. O ENTERRO DA SARDIÑA EN VILALBA

### II.1. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE VILALBA <sup>13</sup>.



LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE VILALBA NA PROVINCIA DE LUGO

<sup>13</sup> FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor do mapa de localización.

A parroquia de Santa María de Vilalba, posuía no ano 2021 unha poboación de 5997 habitantes. Forma parte do municipio de Vilalba, composto por 802 entidades de poboación, que están distribuídas en trinta parroquias<sup>14</sup>. Ten unha superficie de 379,36 km<sup>2</sup> e unha poboación de 13881 habitantes<sup>15</sup>. Ademais, pertence á comarca da Terra Chá,<sup>16</sup> que está integrada tamén polos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, e Xermade.

## ***II.2. ORGANIZACIÓN E ITINERARIO.***

Neste artigo, pretendo analizar distintos pormenores deste ritual referente aos anos 2003 ao 2006 inclusive, cando aínda se celebraba o “Enterro da Sardiña” logo dun xuizo que tiña lugar no palco da música, situado na praza da Constitución, dun xeito tradicional<sup>17</sup>.

Ata o ano 2007, o “Enterro da Sardiña” foi organizado pola Concellería de Cultura do Concello vilalbés. A partir desta data encargouse desta tarefa a Escola Municipal de Teatro. **(FOTO N° 4)**

Nestes anos, o “mércores de cinza” – segundo a liturxía eclesial- celebrouse este ritual. Por tal motivo, dende primeiras horas da tarde colocábase na Praza da Constitución unha mesa fúnebre cun libro de firmas pra que as persoas, que quixesen puidesen manifestar as súas condolencias, seguindo o arquetipo dun enterro normal. Ademais, poñíase unha folla adherida á mesa na que figuraban unha serie de observacións ligadas

---

14 Parroquias de: Alba (San Xoán). Árbol (San Lourenzo).

Belesar (San Martiño). Boizán (Santiago). Carballido (Santa María), Codesido (San Martiño). Corvelle (San Bartolomeu). Distriz (San Martiño). Goiriz (Santiago). Gondaisque (Santa María). Insua (San Bartolomeu). Ladra (San Salvador). Lanzós (San Martiño). Lanzós (San Salvador). Mourence (San Xiao). Nete (San Cosme). Noche (San Martiño). Oleiros (San Mamede). Rioaveso (San Xurxo). Román (Santalla). Samarugo (Santiago). San Simon da Costa (San Simón). Sancovade (Santiago). Santaballa (San Pedro). Soexo (Santa María). Tardade (Santa María). A Torre (Santa María). Vilalba (Santa María). Vilapedre (San Mamede). Xoibán (San Salvador).

15 Segundo o I.G.E. do ano 2023. Fonte: INE-www.epdata.es. Datos actualizados: 21-VI-2023.

16 Esta comarca amosa unha extensión de 1822,75 km<sup>2</sup> na que vivía no ano 2022 unha poboación de 39.047 habitantes.

17 Os textos deste xuizo foron doados pola profesora vilalbesa Carmen Pernas Bermúdez e polo fotógrafo vilalbés Amador.



co evento funerario, como lugar do finamento da sardiña; data e lugar do enterro; e outros detalles. A folla estaba presidida polo símbolo da Cruz; logo, o lugar do finamento así como as bendicións respectivas. *“Finou en Vilalba, logo de recibir os Seus Sacramentos / e a bendición da sua Santidade / D.E.P.”*. A continuación, viña unha lembranza dos seus amigos. *“ Os seus amigos: o choco, a lamprea, o bacallau, a xouba, o ollomol e a nécora”*. Posteriormente, adoitaba poñerse o rogo, día, lugar, e hora de enterro. *“ Pregan unha oración pola súa alma e a asistencia ó funeral / de enterro que terá lugar o vindeiro mércores, 5 de marzo ás oito e media do serán na praza da Constitución de Vilalba”*. Seguíanlle, os favores, transporte, e outros desexos da familia. *“ Favores polos que anticipan as máis expresivas gracias”/ “ Haberá servicio de ómnibus do sangai e máis o pullman”/ NOTA: “Por desexo da finada non se admiten frores, pero prégase que acodan de loito riguroso”*. Finalmente, o nome do finado /a. *“DONA SARDIÑA DE AUGA SALGADA”*.

Ás oito e media da noite, tal como sinala a folla situada na mesa fúnebre, sae a procesión do “Enterro da Sardiña” da Praza da Constitución e percorre as rúas de Basanta Silva e da Pravia, para retornar a Praza da Constitución, onde se vai celebrar o “Xuizo á Sardiña”.

No ano 2006<sup>18</sup> a estrutura da procesión estivo composta dos seguintes elementos:

1. Un mozo da vila levaba o estandarte da sardiña. Ía acompañado doutros dous rapaces, situados ao seu carón, que portaban nas súas mans dúas cintas que penduraban da parte superior do estandantes.
2. A continuación, oito rapaces colocados en dúas ringleiras, que levaban nas súas mans uns aparellos, que imitaban a “ velóns de cor branco”.
3. Logo, catro mozos que portaban nas súas andas un cadaleito coa sardiña no seu interior.
4. Detrás do ataúde ía un home, de idade, que levaba na súa esquerda un ouriñal e na dereita un asperxilo. Ía imitando o efecto de asperxión de “auga bendita” sobre o cadaleito. **(FOTO N° 5)**

---

<sup>18</sup> Este ano serve como modelo prós demais anos (2003-2005).

5. Logo, ían os integrantes da Consello Xudicial, que estaba composto dun xuíz; dun fiscal; e dun avogado defensor. A súa función vai ser a de xulgar e defender no posible á sardiña.

6. Posteriormente, acompañan ao enterro as famosas choronas, que van queixándose da perda dos praceres carnais encarnaqdos pola sardiña.

7. Finalmente, outras persoas da vila, algúns deles portando nas súas mans “velóns acesos” de cor vermello.

Case todos os integrantes da procesión levaban unha vestimenta de cor negro.

### ***II.3. O XUIZO Á SARDIÑA.***

Entre os anos 2003 ao 2006 inclusive, as persoas que compoñen o consello xudicial para xulgar á Sardiña son as mesmas. Así, o xuíz chámase D. Ataulfo Alfonso Alfaguara das Torres Tortas. O fiscal, D. Fernando Federico Fernández da Filgueira. E o avogado defensor, D. Inocencio da Verdade da Boa. **(FOTO Nº 6)**

#### **ANO 2003.**

O xuízo comeza cunhas palabras do **SR. XUIZ:**

Na vila de Vilalba no día...mes...do ano... de Deus de..., ten lugar nesta praza e neste intre o xuízo sumarísimo no que se aclararán os feitos imputados á acusada: Dona Sardiña da Auga Salgada, representada polo seu avogado defensor D. Inocencio da Verdade da Boa, e actuando en nome do Ministerio Fiscal D. Fernando Federico Fernández de Fernández.

Ten a palabra o Excmo Sr. Fiscal.

#### ***SR. FISCAL.***

Coa venia, Señoría. Preséntome ante este tribunal para reclamar a máxima pena para Dona Sardiña da Auga Salgada -aquí comparecente- que demostrou con tódolos agravantes a súa falta de civismo ao permitir e incluso alentar as máis deleznables conductas e actuacións que viñeron redundar moi negativamente no benestar dos

vilalbes. O Ministerio Fiscal acusa a Dona Sardiña da Auga Salgada dos seguintes cargos:

1º. Por non poñer un pasamáns nas perigosas escaleiras que comunican a Praza de Santa María co auditorio municipal, facendo que a xente arrole por elas e chegue a trompicóns ata o río. **(FOTO N° 7)**

2º. Por permitir que veciños con evidentes mostras de falta de respecto ós cidadáns pinten as fachadas con cores doentes, que marean con só ollalos.

3º. Por deixar que persoas, que non merecen tal calificativo, destroces o mobiliario urbán, algo que é de todos e que todos debemos contribuir a manter polo ben común.

4º. Por arolar o sono reparador dos veciños das rúas da zona da movida co cunda cunda das músicas máis cañeras.

5º. Por perfumar polo verán as rúas no arrecendo cheirón dos contenedores, que refrescan as vías respiratorias de maneira fétida e noxenta.

Por todo o devandito e o que calo por falta de probas, solicito deste Tribunal se lle aplique a Dona Sardiña da Auga Salgada a máxima pena prevista. **(FOTO N° 8)**

### ***SR. XUIZ.***

Ten a palabra o Avogado defensor.

### ***AVOGADO DEFENSOR.***

O letrado defensor expón unha serie de actitudes e comportamentos levados a cabo por Dona Sardiña da Auga Salgada, que a eximen de toda culpabilidade. Distingue os seguintes:

1º. Por ter acadado que as nobres leiras de Lanzós e as fermosas pradellas de Mourence reciban a moi agardada e ben recibida visita das obras da variante.

2º. Por facer que moitos veciños conscientes da importancia de preservar o caso antigo da vila, arranxen as súas vivendas contando cas axudas que se lles prestan dende...

3º. Por animar, xornada tras xornada, ós rapaces do Disco Troco Vilalba-Breogán que arrasan alá por onde van, e cando quedan na casa tamén.

4º. Por poñer máns á obra para que se poida desfrutar das salutíferas augas do Alligal dunha maneira máis hixiénica e cómoda.

5º. Por reunir, con moitos meses de antelación a comisión de festas do San Ramón.  
¡ Andá! E rima e todo.

6º. Por traer ó auditorio municipal a solemne sesión da Real Academia Galega na que Manuel María ingresaba en tan ilustre institución.(**FOTO N° 9**)

En definitiva...porque entre todos nós facemos de Vilalba un lugar agradable para vivir, para desfrute propio e admiración de forasteiros.

***SR.XUIZ.***

Eu, o Ilmo. e Excmo D. Ataulfo Alfonso Alfaguara das Torres Tortas e outras herbas, que non medran por falta de regadío. Honorable xuíz desta praza de Vilalba por gracia de Deus e un par de bos capóns. Ollando e escoitando tanto ao Excmo. Sr. Fiscal D. Fernando Federico Fernández como a Excmo. Sr. Avogado Defensor, D. Inocencio da Verdade da Boa, podo dictar e dicto a seguinte sentenza:

Condeno a Doña Sardiña da Auga Salgada, natural do Mar de Achola e veciña do Río de Acó, a ser queimada neste mesmo acto. Non obstante, gozará o vindeiro ano dunha merecida resurrección, acadando deste xeito o solemne beneficio soamente reservado a quen ten demostrado fefacemente a súa boa vontade, aínda que pegando algún que outro tropezón polo medio, pero sen chegar a caer de fociños no delicto. (**FOTO N° 10**)

Asinado e rubricado.

En Vilalba a día...mes... de ...ano.

**ANO 2004.**

***SR. XUIZ.- PALABRAS DE INICIO.***

As mesmas que no ano 2003.

***SR. FISCAL.***

Fai mención ás seguintes infraccións cometidas polo presunto imputado.

1º. Por deixar que os coches aparquen onde lles pete, sen respetar vados nin as beirarrúas nin os pasos de cebra, co consiguiente perigo de que se enferruxe a grúa municipal.

2º. Por permitir que os edificios multipliquen misteriosamente alturas, baixuras e anchuras.

3º. Por non vixiar ós que se adican a destrozarl o mobiliario urbán, que dito de paso, pagamos todos cos nosos cartiños.

4º. Por non facer que os donos dos cans, que cagan onde lles cadra -os cans non os donos- deixen as cagadas no chan esquecendo a súa obriga de recollelas.

***SR. AVOGADO DEFENSOR.***

O letrado defensor fai alusión a unha serie de motivos, que exoneran á imputada de todo acto delictivo. Estes motivos refírense ao seguinte:

1º. Por facer que Vilalba sexa un importante nó de comunicación, que reportará sen dúbida algunha grandes beneficios para nosa vila.

2º. Por axudar á baixada nos niveis de colesterol facendo un fermoso paseo fluvial dende a praia ata o Rañego, harmoniosamente integrado no entorno e prevendo a súa ampliación en datas vindeiras. **(FOTO Nº 11)**

3º. Por coidar parques e xardíns, por limpar as rúas, por axudar a restaurar as casas do casco antigo...

4º. Por organizar, dende hai moitos anos, as escolas deportivas, berce de vocacións, e maneira máis saudable de encher o tempo de lecer de nenos e maiores.

***SR. XUIZ.*** Dicta sentenza usando case as mesmas palabras que no ano 2003.

**ANO 2006.**

***SR. XUIZ.*** Palabras de comezo do xuizo.

As mesmas que nos anos 2003 e 2004.

***SR. FISCAL.***

Fai referencia aos diversos cargos e faltas, que foron realizados pola suposta culpable.

1º. Votar pola esquerda nas últimas eleccións autonómicas, xubilando ao noso paisano Manuel Fraga e, de peso, privando ao noso ex – alcalde de pisar as alfombras de San

Caetano, que o pobre home xa se vía, polo menos, de conselleiro e quedou en deputado da oposición

2º. Seguir a traballar, para deixarnos sen Autovía de Ferrol á Vilalba e, tamén, sen parque de bombeiros, que seica o han facer cando teñan ardido todas as casas de Vilalba. Tamén, foi falar cun señor de Oviedo para que non nos deixara ampliar o paseo fluvial ata os Freires, deixándonos sen unha nova ruta do colesterol.

3º. Traer a gripe dos paxaros para tratar de fastidiarnos a feira dos capóns, meténdonos o medo no corpo, empezando polos municipais, que se puxeron todos de baixa a un tempo por culpa da gripe do “pito”. **(FOTO N° 12)**

4º. Poñer polo Nadal uns piñeiros enriba dunhas alfombras vermellas ás portas dos comercios. Máis dun esbarou nas alfombras molladas e aínda non se sabe que fixo despois coas pobres árbores.

5º. Conspirar cos donos de todos os bares de Vilalba para que en todos se poda fumar, esquecendo aos pobres non fumadores, que agora van ter que tomar o café na casa. Tamén acordou coas tabaqueiras baixar o prezo do tabaco, para que se fume máis.

#### ***SR. AVOGADO DEFENSOR.***

Acúsase inxustamente á miña defendida de moitas culpas, sendo que da maioría son responsable os políticos de diverso pelaxe, que circulan polas institución. Eu teño que defendela porque fixo moitas cousas boas.

1º. Se votou pola esquerda, foi porque hai que dar de comer a todos, e a alternativa é boa, que a xente apoltrónase moito.

2º. Se non deu conseguido a autovía de Ferrol, polo menos xa hai un cacho feito e agora non a van deixar sen rematar, e conseguíu que o paseo do río se faga en terra, e non en formigón.

3º. A Feira dos Capóns púidose facer a pesar da gripe aviaria, e se non puido salvar aos municipais foi porque traballan demasiado pegados ao “pito”.

4º. Aínda que se fume nos bares, xa non se pode en ningún sitio máis, co beneficio correspondente para os non fumadores, e o tabaco, aínda que baixou unha temporada, xa empezou a subir e non ha tardar en custar máis que o caviar.

Por todo isto, e outras moitas cousas que non lembro por culpa do garrafón, e que me está dando unha resaca do carallo, pido para Dona Sardiña da Auga Salgada a absolución neste proceso.

### **SR.XUIZ.**

Logo de escoitar, tanto ao Sr. Fiscal como ao Avogado Defensor, dicta sentenza condenatoria sobre Doña Sardiña da Auga Salgada, utilizando case as mesmas palabras que nos anos precedentes.

### **III. CONSIDERACIÓNS FINAIS.**

O Entroido precisa a entronización dun rei ou un deus burlesco. Ríndeselle pleitesía durante o seu breve mandato. No obstante, no remate da festa vai sucumbir, case sempre no lume, como “chivo expiatorio” non son de todos os vicios e o desenfreo pasional, que afloraron durante a festa, senón tamén de todos os actos funestos e perversos ocasionados polas institucións ou polo comportamento social dalgunhas persoas <sup>19</sup>. Nalgúns lugares esta figura recibe os nomes de “Meco”; “Entrudio”; “Lardeiro; noutros, xa hai apelativos locais máis específicos, como “Mikaela” (Buño- A Coruña); “Felipe” ( A Pobra do Caramiñal- A Coruña); “Facundo” (Muros- A Coruña)...<sup>20</sup> . Tamén, faise mención, entre outros, as “Festas de Judas”, e “ a queima do Haragán”<sup>21</sup>. **(FOTO Nº 13).**

Aquí en Vilalba (Lugo) hai o costume como noutras vilas lucenses<sup>22</sup> de realizar o “Enterro da Sardiña”, que percorre -como vimos- varias rúas da vila ata o seu tramo final, onde un boneco, que simboliza a unha sardiña e que vai nun cadaleito, é queimado públicamente nun lugar da praza, logo de ter lugar o xuízo correspondente. O Enterro trata de ser unha imitación burlesca e cómica dun cortexo fúnebre. Celébrase o mércores

---

<sup>19</sup> *Ver as disposicións do Ministerio Fiscal nos discursos dos anos 2003-2004-2005.*

<sup>20</sup> COCHO, Federico.: *O Entroido Galego*, Vigo: A Nosa Terra, 1998, pág. 35.

<sup>21</sup> BARRETO VARGAS, Carmen Marina.:” El Entierro de la Sardina: muerte y resurrección”. Tesis Doctoral. *El Carnaval de Sta. Cruz de Tenerife: un estudio antropológico*. Galván Tudela, José Alberto (director). Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Laguna, 2009, pp.254-261.

<sup>22</sup> Cidade de Lugo e vilas de Monforte de Lemos, Viveiro, Burela.

de cinza, que dende unha óptica relixiosa e o primeiro día da Coresma nos calendarios litúrxicos anglicano, católico e protestante. Dende esta perspectiva, é un periodo de austeridade e tranquilidade. É unha maneira axeitada de comportarse tendo en conta que ao remate da Coresma celébrase a morte e a resurrección de Jesucristo.

Dun xeito xeral, o enterro e queima da Sardiña simboliza, usando termos nietzscheanos<sup>23</sup>, ó tránsito do dionisiaco<sup>24</sup> ó apolíneo<sup>25</sup>. O dionisiaco, que correspondería ao periodo festivo do Entroido, caracterízase como o mundo da vontade inconsciente; o desenfreno vital; a liberación dos instintos e pasións humanas; o caos; a desorde; a irracionalidade; o descontrol sexual... Nesta etapa festiva era e segue sendo moi normal que ás persoas lles suscite risa determinados actos, que se realizan durante este periodo, pola inversión de situacións e polas parodias de diferentes feitos da vida real. No obstante, a risa non sempre tivo o mesmo significado para os que detectaban o poder do Estado. Así, o pensador vilalbés -xa finado- **Bernardo García Cendán**- manifestaba que **“ non resulta estrano pensar que os que mandaban hai anos tivesen inquedanzas coa risa da xente do común, xa que ía dirixida de cara a unha legalidade vixente imposta rixidamente”**<sup>26</sup>. Agora ben, estes trazos definitorios do “estado dionisiaco” estanos ensinando por via indirecta, que se o exceso na comida, na bebida, e nos praceres carnais fosen continuos seríamos incapaces de vivir desta maneira, o mundo non se sostería. **“ Unha das función do Entroido é a de aculturación das novas xeracións, socializándoas na idea de que para a vida en comunidade, a orde social e a convivencia son mellores que a desorde e a intolerancia”**<sup>27</sup>. Polo tanto, cómpre deixar o dionisicaco e incorporarse ó apolíneo, e dicir ao “statu quo” de sempre; á vida cotiá, que encarna a realidade da representación consciente; á orde; ao control social; á racionalidade; á virtude... Pois ben, este tránsito vaise levar a cabo por medio da queima do boneco da sardiña, xa que o lume é un símbolo ambivalente en canto que propicia a morte mais tamén unha rexeneración. Agora ben, a realidade actual foise convertido co paso dos anos en moi impersonal, deshumanizante, cunha perda de valores moi significativa, na que cada vez máis hai unha

---

23 Friedrich Nietzsche (1844-1900), foi un poeta, filólogo e filósofo alemán vitalista.

24 De Dionisos, deus do pracer sensual na mitoloxía grega ou ligada a él.

25 De Apolo, deus das artes na mitoloxía grega ou relacionada con él.

26 GARCÍA CENDÁN, Bernardo.: “ O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, pág.52.

27 SANTAMARIÑA, Fidalgo.: “ IV Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourenés*. Deputación de Ourense. Fundación Caixa Galicia, 2009..



carencia de criticismo, para ir aceptando en contraposición o “políticamente correcto”, seguindo o dito ¿Onde vas Vicente, onde vai a xente?. Polo tanto, cada vez faise máis complexo e difícil poder acceder na súa operatividade aos conceptos de “existencia auténtica”, que preconizaban os filósofos existencialistas<sup>28</sup>, e mesmo acadar “o proxecto vital” de Ortega e Gasset<sup>29</sup>. **(FOTO N° 14).** ¿ Que pensan vostedes?

#### IV. BIBLIOGRAFÍA.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009.

CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel.: “Memoria. Presentación. Prólogo”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e ao Antroido*. Coord. por Asociación de Val de Francos. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 3.

CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Barcelona: Taurus. 1979.

COCHO, Federico.: O Carnaval en Galicia, Vigo: Ed. Xerais, 1990.

COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007.

CHAO REGO, Xosé.: “O Entroido é unha entrada”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, .Dirección Xeral de Política Lingüística.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourensán*. Deputación de Ourense. Fundación Caixa Galicia, 2009.

FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com).

---

28 Pensamiento que abrangue os séculos XIX e XX. Analiza a existencia humana a través del análisis de la condición humana, la libertad, la responsabilidad individual, las emociones así como el significado de la vida.

29 Filósofo español (1883-1955). Exponente principal de la teoría del perspectivismo y de la razón vital.

FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor do mapa de localización.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio.: *Do Entroido*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Colección Alicerces, nº 6, 1994.

GAIGNEBET, Claude.: *El Carnaval. Ensayos de mitología popular*. Barcelona: Ed. Alta Fulla, 1984.

GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmo e o nós outros, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páxs. 173-174.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Oscar J.: *Mascaradas de la península ibérica*, Oviedo: Ed. Autor, 2014.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº2*, 1991.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, en *Tempos de Festa en Galicia, T.I. Entre os Reis e o Mes de Maio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. *ANTROIDO en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987.

LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.

LISÓN TOLOSANA, C.: *Teoría Etnográfica de Galicia. Antropología cultural de Galicia, IX*, Madrid: Akal, 2012.

MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne: Sata* (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen.: Proporcionoume os textos dos xuízos dos anos 2003 e 2004.

QUINTIÁ, Rafael.: Uns Apuntamentos Etnográficos sobre o Entroido a xeito de Introducción, en *Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galicia*. Sociedade Antropolóxica Galega, Pontevedra, 2013

RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal.

TABOADA CHIVITE, X. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Edicións Sálvora, 1980.

Finalmente o fotógrafo vilalbés, *Amador*, proporcionoume o texto do xuízo do ano 2006. Ademais, as fotos aínda que pertencen á colección de *José Manuel Blanco Prado*, autor do presente artigo, fixoas este fotógrafo no seu momento. Por outra banda, *Xosé M. Felpeto Enríquez* deume algunhas indicacións sobre este traballo.

## V. OUTROS ARTIGOS DO “AUTOR” SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

BLANCO PRADO, José Manuel: “Primeira exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, páxs. 203-222.

BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: “Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *Croa, nº 19*, 2009, páxs. 58-84.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia, nº 39*, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

“O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, *Lucensia, nº 40*, Lugo, 2010, páxs. 163-17

“2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, Boletín do Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. 2010.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa, nº 22*, 2012, páxs. 78-105.

BLANCO PRADO, J.M. «O Entroido na Diocese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia , nº 45*,2012, páxs. 378-389.

*O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística.2012

“Aportacións sobre o Entroido Lucense”. *Anuario Brigantino nº 36*, Betanzos (A Coruña), 2013, páxs. 495-513

Autor da foto da portada do libro «*O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboia de Brollón)*», Deputación Provincial de Lugo, 2014.

“O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 1985-2002”, *Anuario Brigantino, nº 39*. Betanzos (A Coruña), 2016.

*Terceira Exposición do Entroido na provincia de Lugo*, Mesón do Forno, Lugo, 2017.

“O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 2003-2012. *Croa, nº 29* . Boletín do Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei (Lugo), 2019.

“Novas achegas históricas sobre o Antroido de “ Val de Francos” (Castro de Rei ) (Lugo) .Segunda década do Século XXI”, *en Croa nº 31*, Castro de Rei (Lugo), páxs 96-127

“ Rituais ancestrais do Entroido. Achegas históricas á corrida do galo en Galicia e nos concellos chairegos de Castro de Rei e Cospeito”, *en Pena do Encanto nº 11* ( Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos ). Instituto de Estudos Chairegos, Vilalba (Lugo), paxs. 9-23.

“Achegas etnohistóricas ao Entroido da parroquia de Bazar (Castro de Rei) (Lugo) no século XXI ”, *en Croa nº 32*. No prelo.

## **VI. ILUSTRACIÓNS.**



*FOTO N° 1. MESA DE FIRMAS.*



***FOTO Nº 2. INICIO DO CORTEXO FÚNEBRE BAIXANDO AS ESCALEIRAS DENDE O AXUNTAMENTO.***



***FOTO Nº 3. VISTA XERAL DO CORTEXO FÚNEBRE PERCORRENDO UNHA DAS RÚAS DA VILA.***



***FOTO Nº 4. CATRO RAPACES LEVANDO O CADALEITO  
COA SARDIÑA NO SEU INTERIOR***





***FOTO Nº 5. O CONSELLO XUDICIAL FORMADO POR UN XUIZ,  
FISCAL E AVOGADO DEFENSOR.***



***FOTO Nº 6. PERSOA ENCARGADA DE VOTAR AUGA BENDITA DUN OURIÑAL***



*FOTO Nº 7. AS CHORONAS*



*FOTO Nº 8. O CORTEXO FÚNEBRE POLA RÚA DA PRAVIA.*



***FOTO Nº 9. DETALLE DO ENTERRO DA SARDIÑA***



**FOTO Nº 10. DETALLE DAS CHORONAS.**



***FOTO Nº 11. UNHA PERSOA, QUE FAI DE ACÓLITO, FAI QUE BOTA AUGA BENDITA SOBRE O CADALEITO.***



***FOTO 12. O CONSELLO XUDICIAL ARGUMENTA SOBRE QUEIMAR OU NON A SARDIÑA***





***FOTO 13. BONECO REPRESENTATIVO DA SARDIÑA***



**FOTO 14. QUEIMA DA SARDIÑA**